



**SOCIEDADE ANÓNIMA DE XESTIÓN DO
PLAN XACOBEO, S.A.**

**VICEPRESIDENCIA 1ª E CONSELLERÍA DE
PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO**

I. MEMORIA DOS ORZAMENTOS 2022 E PROGRAMA DE ACTUACIÓNS INVESTIMENTOS E FINANCIAMENTO

I.1. Descrición da entidade

A S.A. de Xestión do Plan Xacobeo, sociedade mercantil anónima constituíuse o 13 de novembro de 1991, e completou os requisitos necesarios para a súa válida constitución, o 10 de decembro dese mesmo ano, data da súa inscrición no Rexistro Mercantil. O seu domicilio social está establecido en Estrada Santiago – Noia, km. 3 en A Barcia – Santiago de Compostela.

Co data 30 de decembro de 2013, e como parte da reorganización do esquema institucional da área de Turismo da Xunta de Galicia, modificouse o obxecto da Sociedade (Resolución do 13 de marzo de 2014, da Secretaría Xeral Técnica e do Patrimonio da Consellería de Facenda, pola que se ordena a publicación da modificación dos estatutos da Sociedade Anónima de Xestión do Plan Xacobeo, autorizada polo Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 27 de decembro de 2013 – DOG de 1 de abril de 2014).

Con data 8 de febreiro de 2018 o Consello da Xunta de Galicia autoriza unha nova modificación do obxecto da Sociedade (publicándose no DOGA do 26 de abril de 2018). Posteriormente con data 7 de marzo de 2019 o Consello da Xunta adoptou o acordo polo que se autorizou unha nova modificación dos estatutos da Sociedade (publicouse do DOG de 19 de xuño de 2019), de xeito que a esta data constitúe o obxecto da Sociedade:

Artigo 2. Obxecto social

1.- A realización de actividades dirixidas a xestión dos servizos comúns da rede de albergues da Comunidade Autónoma de Galicia e do resto do seu patrimonio social, as relacións coas asociacións de amigos do Camiño de Santiago: así como a planificación, programación, proposta e, se é o caso, execución das actuacións para a promoción e organización dos actos que se desenvolvan con motivo dos anos santos Xacobeos, así como apoiar os distintos departamentos, entidades e comisións da Xunta de Galicia para o desenvolvemento das súas funcións neste ámbito (CNAE: 8411-Actividades xerais da Administración Pública).

2.- En concreto, constitúe o obxecto da Sociedade a realización das seguintes actividades:

a) A xestión dos ingresos e gastos derivados do funcionamento da rede pública de albergues e do resto de edificios da entidade.

b) A contratación, seguimento e xestión dos servizos de mantemento, seguranza, limpeza, atención así como todos aqueles que sexan necesarios para o correcto funcionamento da rede pública de albergues e do resto do patrimonio da entidade.

c) As relacións coas asociacións de amigos do Camiño de Santiago e entidades de promoción da cultura xacobeá, así como as propostas de actuacións no ámbito da promoción, mantemento e conservación do Camiño de Santiago.

d) A planificación, programación, proposta e, se é o caso, execución, de actuacións para a promoción e organización dos actos que se desenvolvan con motivo dos Anos Santos Xacobeos.

e) O asesoramento aos distintos departamentos, entidades e comisións da Xunta de Galicia para desenvolvemento das actuacións que leven a cabo con motivo dos Anos Santos Xacobeos.

Para o cumprimento do referido obxecto, a Sociedade continuou desenvolvendo as súas operacións como dende o día da súa constitución, dividindo a súa actividade en exercicios sociais que coinciden cos anos naturais.

1.1.1. Obxectivos

EIXO	DESCRIPCIÓN EIXO
3	CRECIMENTO SUSTENTABLE

EIXO	PRIORIDADE ACTUACIÓN	DESCRIPCIÓN PRIORIDADE ACTUACIÓN
3	PA33	POTENCIACION DO TURISMO

A actividade da S.A. de Xestión do Plan Xacobeo estará baseada nas funcións encomendadas polo Decreto 196/2012, do 27 de setembro polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia, entidade que exerce a tutela funcional da sociedade, e se aproban os seus estatutos e polo establecido nos propios estatutos da SA.

Funcións Propias

1.- A xestión dos servizos comúns da rede de albergues da Comunidade Autónoma de Galicia.

A rede de albergues públicos tense evidenciado como motor esencial para o actual dinamismo socioeconómico do Camiño de Santiago polo efecto dinamizador que esta rede pública ten sobre a iniciativa privada co efecto multiplicador que implica sobre o investimento e, correlativamente, sobre o emprego. Esta rede pública de albergues de peregrinos está integrada na actualidade por un total de 71 establecementos.

A S.A. de Xestión coordina as actuacións en materia de dotacións de albergues e encárgase da xestión dos ingresos e gastos derivados do funcionamento da rede pública de albergues e do resto dos edificios dos que é propietaria esta entidade. Neste ámbito está tamén a actividade dos centros de interpretación de Mondoñedo (Camiño Norte) e Lugo (Camiño Primitivo) así como o punto de información de O Cebreiro. A xestión destes albergues e centros se realiza ben directamente, a través das empresas concesionarias dos servizos de “Atención ao peregrino, limpeza e xestión de cobro” ou “mantemento de instalacións”, ou de xeito indirecto ao abeiro dos convenios de colaboración asinados con Concellos ou outras entidades.

2.- As relacións coas asociacións de amigos do Camiño de Santiago.

Continuar e ampliar as liñas de colaboración coas Asociacións de Amigos do Camiño de Santiago que, de forma altruísta, realizan labores esenciais de información e difusión dos itinerarios xacobeos. Sen elas non se terían acadado os resultados e dimensións que hoxe amosa en distintos países do mundo o Camiño de Santiago.

En concreto nesta materia as principais actuacións serán:

a/ Colaboración coas asociacións e amigos do Camiño de Santiago e outras entidades para a realización de actividades de difusión da peregrinación e a cultura xacobeas.

b/ Nesta liña de colaboración coas Asociacións de Amigos do Camiño promoveuse, se a situación sanitaria o permite, a existencia de hospitaleiros voluntarios procedentes destes colectivos nos albergues da rede pública. No ano 2019, antes da pandemia, contouse coa presenza de hospitaleiros nacionais e internacionais.

c/ A Sociedade xestiona o Directorio de Asociacións Xacobeas no ámbito mundial.

Funcións de coordinación

A S. A. de Xestión do Plan Xacobeo, atendendo ás funcións de coordinación que lle outorga o Decreto 196/2012, do 27 de setembro polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos e os propios estatutos da SA, coordinará distintas actuacións da Axencia Turismo de Galicia, entidade que exerce a tutela funcional da Sociedade, segundo se fixa no artigo 9, punto i) do citado Decreto que estipula que a Axencia de Turismo encargárase directamente ou a través da S.A. Xestión do Plan Xacobeo, da dirección e coordinación das actuacións relacionadas coa posta en valor cultural e turístico do Camiño de Santiago, a súa promoción, a xestión da imaxe corporativa do Xacobeo e da rede de albergues e o mantemento e conservación dos camiños e a súa sinalización, así como calquera outra acción que redunde en beneficio do Camiño de Santiago.

Dentro destas accións a S.A. de Xestión coordinará as seguintes actuacións da Axencia de Turismo de Galicia, algunhas xa en marcha:

1.- O seguimento da execución do Plan Director e Estratéxico do Camiño de Santiago en Galicia, 2022-2027.

2.- A colaboración e apoio á Axencia de Turismo de Galicia a través da realización de propostas de actuación no ámbito do mantemento, conservación, mellora e sinalización dos trazados dos distintos Camiños de Santiago declarados en Galicia.

3.- A coordinación de actuacións específicas relacionadas coa cultura xacobeá como poden ser as seguintes:

- A Sociedade colabora e apoia as accións realizadas polo Comité Internacional de Expertos do Camiño de Santiago, estando previsto para o vindeiro 2022 a organización dun congreso de ámbito internacional

- A Sociedade forma parte da Comisión Interdepartamental del Camino de Santiago, creado mediante o Decreto 107/2016 do 4 de agosto (DOG nº 155 do 18 de agosto), órgano de coordinación das actuacións sectoriais dos distintos departamentos da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, no ámbito relacionado co Camiño de Santiago.

- A Sociedade forma parte da Comisión Organizadora do Xacobeo 2021, creado mediante o Decreto 4/2018 de 11 de xaneiro. (DOG nº 15 do 22 de xaneiro de 2018) como órgano colexiado de coordinación e asesoramento para a promoción e organización do Xacobeo 2021.

- A Sociedade coordina o Grupo de Traballo das Asociacións e Fundacións galegas de amigos do Camiño de Santiago para fomentar o diálogo entre as propias entidades integrantes e entre estas e a Xunta de Galicia.

- A Sociedade colabora coas autoridades lusas despois da aprobación, no país veciño, do Decreto-Lei que regula a valorización e promoción do Camiño de Santiago a través da certificación dos seus itinerarios e da creación dun órgano de coordinación nacional na Ruta Xacobeá, a Comissão Ejecutiva do Caminho de Santiago. Este feito supón uns importantes lazos entre os dous países.

- Está previsto a realización dunha convocatoria, se a situación sanitaria o permite, para hospitaleiros voluntarios nos albergues pertencentes a Rede desta Sociedade.

4.- Funcións de planificación, programación e proposta para a promoción do Ano Santo.

Especial mención ocupará no ano 2022 a continuación do desenvolvemento do Ano Santo 2021, unha vez declarado polo Vaticano a prórroga do ano santo durante o ano 2022, cuxa coordinación asume a conselleira delegada desta Sociedade que é, ao tempo, a Co-

misaria do Xacobeo 2021. Esta liña de traballo, tal como sinalan os Estatutos, abrangue a planificación, programación, proposta e, se é o caso, execución, de actuacións para a promoción e organización deste importante acontecemento do Xacobeo, estando previsto, neste ámbito a continuación da difusión e celebración do ano santo 2022, como continuación do Ano Santo celebrado no ano 2021, entre moitos outros eventos está prevista a organización de encontros de ámbito nacional e internacional.

No ano 2022, dada a prórroga polo Vaticano do Ano Santo 2021 durante o vindeiro ano 2022, está prevista a realización de diversas accións promocionais de cara a relanzar o fenómeno Xacobeo, así como a visita de peregrinos a Santiago polas distintas rutas e tendo en conta a extensa rede de albergues pública que xestiona a Sociedade.

O acontecemento producido pola denominada “Crisis sanitaria do Covid- 19”, que orixinou que a Covid-19, convertirase nunha emerxencia sanitaria en todo o mundo, afectou aos cidadáns, ás empresas e á economía en xeral, ata o punto de que a Organización Mundial da Saúde (OMS) declarouno unha pandemia.

O Consello da Xunta na súa reunión do 13 de marzo declarou a situación de emerxencia sanitaria en Galicia e posteriormente o goberno de España mediante o Real Decreto 463/2020 do 14 de marzo, declarou o estado de alarma para a xestión da situación da crise sanitaria ocasionada pola enfermidade do COVID-19.

Esta situación de gravidade, tivo impacto nas contas anuais do exercicio 2020 da sociedade afectando tamén ao exercicio 2021 polas drásticas medidas que se tiveron que levar a cabo para a contención da pandemia.

Na data de elaboración destes orzamentos é difícil facer previsións e cuantificar os seus efectos sobre a economía, e sobre a entidade en particular. Sen embargo debemos ter en conta, que a actividade principal/propia da empresa, correspondente a xestión dos servizos da rede pública de albergues o que fai que a sociedade non obteña os ingresos propios previstos inicialmente para a celebración do Ano Santo para o vindeiro ano 2022

Estimase, que a entidade retomará a súa actividade empresarial en canto a situación sanitaria o permita, pero é preciso adaptar as previsións realizadas en exercicios anteriores de cara ao exercicio 2022. Neste sentido, a pesar de que ás previsións para o ano 2022 son optimistas, dentro do rigor orzamentario, é conveniente adoptar unha posición conservadora á hora de conformar as contas do ano 2022.

I.1.2. Obxectivos e indicadores

OBX ESTRATÉXICO/ INTERMEDIO	DESCRIPCIÓN OBX ESTRATÉXICO/ INTERMEDIO	2022	2023	2024
01	REFORZAR ATRACTIVO TUR. E ACT.CAMIÑO DE SANTIAGO	6.095.058	6.197.164	6.313.404
	TOTAL	6.095.058	6.197.164	6.313.404

OBX OPERATIVO	DESCRIPCIÓN OBX OPERATIVO	2022	2023	2024
05	Actuacións sobre o Camiño de Santiago, mellorando os aspectos ambientais, a xestión de fluxos, a mellora dos trazados e da sinalización e a mellora dos servizos turísticos.	6.095.058	6.197.164	6.313.404
	TOTAL	6.095.058	6.197.164	6.313.404

INDICADOR	DESCRIPCIÓN INDICADOR	2022	2023	2024	UNIDADES
nº	COLABORACIÓN CON ASOCIACIÓN	22	22	22	Nº COLABORACIÓN
nº	PERNOCTAS NA REDE DE ALBERGUES	172.126	223.764	223.764	Nº PERNOCTAS
nº	XESTION PUNTOS E CENTROS INFORMACION	3	3	3	Nº CENTROS
nº	ACTUACIÓN NOS CAMIÑOS COORDINADAS	10	10	10	Nº ACTUACIÓN FÍSICAS
nº	XESTION DE ALBERGUES REDE PUBLICA	78	78	78	Nº ALBERGUES
nº	ACTIVIDADES CULTURA XACOBEO COORDINADAS	15	15	15	Nº ACTIVIDADES
nº	PLANES EN COORD/IMPLANTACIÓN	1	1	1	Nº PLANES COORDINADOS

I.2. Inversións

No exercicio 2019 realizouse unha importante inversión no Complexo de aloxamento do Parque Monte do Gozo en Santiago de Compostela, como achega para asegurar a viabilidade da concesión do servizo para a Explotación do Complexo que se licitou no ano 2018, estando, dito complexo durante o ano 2020 e 2021, por mor da pandemia declarada pola Covid-19, cunha actividade moito máis reducida do que estaba previsto.

I.3. Territorialización

CONCELLO	GASTO DE PERSOAL	OUTROS GASTOS CORRENTES	GASTOS DE CAPITAL
SANTIAGO DE COMPOSTELA	899.637		
CONCELLOS DOS CAMIÑOS DE SANTIAGO		5.086.949	
TOTAL	899.637	5.086.949	0

O ámbito de actuación da sociedade é toda a Comunidade Autónoma, toda vez que, como é por todos coñecido, os Camiños percorren a totalidade das provincias e en boa parte dos concellos está presente o fenómeno Xacobeo dun u outro xeito.

I.4. Previsións orzamentarias e financiamento

I.4.1. Previsións Orzamento de explotación

INGRESOS

Vendas e outros ingresos de explotación

INGRESOS	2022	2023	2024
PRESTACIÓN DE SERVICIOS (ALBERGUES)	1.529.383	1.790.109	1.790.109
TOTAL	1.529.383	1.790.109	1.790.109

A práctica totalidade dos ingresos que reflicte o orzamento da Sociedade para o exercicio 2022 provirán da prestación dos servizos na rede de Albergues (reducidos no ano 2022 para ser o máis prudentes posibles) e máis das subvencións á explotación recibidas da Xunta de Galicia que se detallan no punto seguinte.

Transferencias e subvencións de explotación recibidas

SUBVENCIÓNS CORRENTES RECIBIDAS DA C.A.	REAL 2020	ESTIMADO 2021	PREVISIÓN 2022
XUNTA DE GALICIA. (ATURGA)	4.200.000	5.868.575	4.565.575
TOTAL	4.200.000	5.868.575	4.565.575

A Sociedade orzamenta transferencias en concepto de subvención á explotación polo importe de 4.565.575 euros que se destinarán, xunto a totalidade dos ingresos propios, o financiamento dos gastos necesarios para o seu funcionamento

GASTOS

Gastos de persoal

	REAL 2020	ESTIMADO 2021	PREVISIÓN 2022
Nº Empregados	17	17	17
Custo Total	802.722,81	880.557,61	899.637,29
Custo Medio	47.218,99	51.797,51	52.919,84

Non se ten previsto aumentar o numero medio de traballadores no exercicio 2022.

Servizos exteriores

DESCRIPCIÓN	REAL 2020	ESTIMADO 2021	PREVISIÓN 2022	PREVISIÓN 2023	PREVISIÓN 2024
ALUGUERES	0	0	0	0	0
OUTROS SERVICIOS	332.282	404.479	297.625	303.577	309.649
PORTES	0	0	0	0	0
PROMOCION (ASOC)	0	20.000	150.000	150.000	150.000
REPARACIÓN E CONSERVACION	2.875.974	4.203.771	4.139.423	4.222.211	4.306.655
SEGUROS	84.999	88.294	89.522	91.313	93.139
SERVICIOS PROFESIONAIS	49.118	63.111	50.188	51.192	52.216
SUBMINISTROS	279.453	485.979	360.191	367.395	374.743
TOTAL	3.621.826	5.265.634	5.086.949	5.185.688	5.286.402

Amortización

DESCRIPCIÓN	REAL 2020	ESTIMADO 2021	PREVISIÓN 2022
DOT. AMORTIZACION INM.INTANXIBLE	0	0	0
DOT. AMORTIZACION INM.MATERIAL	1.207.337	1.108.986	1.074.997
DOT. AMORTIZACION INV.INMOB	53.960	53.960	53.960
TOTAL	1.261.297	1.162.946	1.128.957

A Sociedade amortiza o inmovilizado con vida útil finita seguindo o método lineal, aplicando porcentaxes de amortización anual calculadas en función dos anos de vida útil estimada dos respectivos bens.

Neste ámbito cómpre sinalar a posta a disposición da Comunidade Autónoma do “Pavillón de Galicia”, antiga sede desta Sociedade e agora non empregada pola mesma e que deste xeito pode ofrecer os seus servizos a outras dependencias da Comunidade Autónoma garantindo así a conservación deste inmovible propiedade desta SA e que redonda nunha redución de gastos.

Igualmente esta previsto que durante o ano 2022 xa esté a pleno rendimento unha vez entrado en funcionamento a explotación, mediante concesión, do complexo do Monte do Gozo, como consecuencia da adxudicación da licitación realizada no exercicio 2019 e con elo garantir o seu funcionamento e conservación.

A Sociedade revisa o valor residual, a vida útil e o método de amortización do inmovilizado material ao peche de cada exercicio ou sempre que existan indicios de perda de valor. As modificacións nos criterios inicialmente establecidos se recoñecen como un cambio de estimación.

Do mesmo xeito rexistra o correspondente deterioro cando o valor recuperable sexa inferior ó seu valor neto contable en libros, sempre que non se poda recuperar mediante a xeración de ingresos suficientes para cubrir todos os custos e gastos que se producen coa súa utilización. O importe recuperable determínase como o maior importe entre o valor razoable menos os custos de venda e o valor en uso.

Subvencións concedidas pola entidade

Pola súa natureza xurídica, a Sociedade non concede subvencións.

1.4.2. Previsións Orzamento de capital

ORIXES

Transferencias e subvencións de capital recibidas

No ano 2022 xa estará en total funcionamento, a explotación, mediante concesión, do complexo do Monte do Gozo, como consecuencia da adxudicación da licitación realizada no exercicio 2019 e con elo se garante o seu funcionamento e conservación. Dita

concesión supuxo un investimento total de 1.925.000 de euros, os cales se financiaron con subvencións de capital.

Achegas patrimoniais

Non se teñen previstas achegas de patrimonio.

Financiamento alleo a longo prazo

Non se ten previsto endebedamento fora dos créditos comerciais ordinarios.

Remanente de Tesourería

	2020	2021
1. Fondos líquidos	850.333	454.661
2. Dereitos pendentes de cobro (+)	741.916	828.755
Do orzamento corrente	741.916	828.755
De orzamentos pechados		
De operacións non orzamentarias		
De operacións comerciais		
3. Obrigas pendentes de pago (-)	1.592.249	1.283.416
Do orzamento corrente	882.279	573.446
De orzamentos pechados		
De operacións non orzamentarias	709.970	709.970
De operacións comerciais		
4. Partidas pendentes de aplicación (-/+)	0	0
(-) Cobros realizados pendentes de aplicación definitiva		
(+) Pagos realizados pendentes de aplicación definitiva		
I. Remanente de tesourería total (1+2+3+4)	0	0
II. Exceso de financiamento afectado		
III. Saldos de dubidoso cobro		
IV. Remanente de tesourería non afectado (I-II-III)	0	0

APLICACIÓNS

Adquisicións de inmovilizado non financeiro

Non se proxecta levar a cabo investimentos financeiros

FINANCIAMENTO DO PROGRAMA DE INVESTIMENTOS E DAS NECESIDADES DE EXPLOTACIÓN

A totalidade dos gastos propios da explotación cubriranse nun 74,91% con cargo a subvencións á explotación concedidas pola Xunta de Galicia, e o resto cos ingresos propios de explotación da Sociedade. Agora ben, a diminución desta partida responde a criterios de prudencia orzamentaria coa finalidade de garantir a estabilidade financeira da sociedade, se ben, espéranse maiores ingresos pola mellora das perspectivas para o ano 2022.

ORZAMENTOS XERAIS DA XUNTA DE GALICIA 2022

SOC. ANÓNIMA DE XESTIÓN DO PLAN XACOBEO

Plan Xeral de Contabilidade RD 1514/2007	BALANCE. ACTIVO	(En miles de euros sen decimais)		
		REAL 2020	ESTIMADO 2021	ORZAMENTO 2022
A) ACTIVO NON CORRENTE		42.549	41.386	40.258
I. Inmobilizado intanxible				
1. Desenvolvemento				
2. Concesións				
3. Patentes, licencias, marcas e similares				
4. Fondo de comercio				
5. Aplicacións informáticas				
6. Outro inmobilizado intanxible				
II. Inmobilizado material	41.126	40.017	38.942	
1. Terreos e construcións	37.200	36.172	35.144	
2. Instalacións técnicas, e outro inmobilizado material	2.731	2.649	2.602	
3. Inmobilizado en curso e anticipos	1.196	1.196	1.196	
III. Inversións inmobiliarias	1.423	1.369	1.315	
1. Terreos				
2. Construcións	1.423	1.369	1.315	
IV. Inversións en empresas do grupo e asociadas a longo prazo				
1. Instrumentos de patrimonio				
2. Créditos a empresas				
3. Valores representativos de débeda				
4. Derivados				
5. Outros activos financeiros				
V. Inversións financeiras a longo prazo				
1. Instrumentos de patrimonio				
2. Créditos a terceiros				
3. Valores representativos de débeda				
4. Derivados				
5. Outros activos financeiros				
VI. Activos por imposto diferido				
B) ACTIVO CORRENTE	1.592	1.283	1.449	
I. Activos non correntes mantidos para a venda				
II. Existencias				
1. Comerciais				
2. Materias primas e outros aprovisionamentos				
3. Produtos en curso				
4. Produtos terminados				
5. Subprodutos, residuos e materias recuperados				
6. Anticipos a provedores				
III. Deudores comerciais e outras contas a cobrar	703	788	983	
1. Clientes por vendas e prestacións de servizos	14	110	116	
2. Clientes, empresas do grupo e asociadas				
3. Debedores varios				
4. Persoal				
5. Activos por imposto corrente	10			
6. Outros créditos coas Administracións Públicas	679	679	867	
7. Accionistas (socios) por desembolsos esixidos				
IV. Inversións en empresas do grupo e asociadas a curto prazo				
1. Instrumentos de patrimonio				
2. Créditos a empresas				
3. Valores representativos de débeda				
4. Derivados				
5. Outros activos financeiros				
V. Inversións financeiras a curto prazo	3	3	3	
1. Instrumentos de patrimonio				
2. Créditos a empresas				
3. Valores representativos de débeda				
4. Derivados				
5. Outros activos financeiros	3	3	3	
VI. Periodificacións a curto prazo	36	37	38	

ORZAMENTOS XERAIS DA XUNTA DE GALICIA 2022

SOC. ANÓNIMA DE XESTIÓN DO PLAN XACOBEO

Plan Xeral de Contabilidade RD 1514/2007	BALANCE. ACTIVO	(En miles de euros sen decimais)		
		REAL 2020	ESTIMADO 2021	ORZAMENTO 2022
	VII. Efectivo e outros líquidos equivalentes	850	455	425
	1. Tesourería	850	455	425
	2. Outros activos líquidos equivalentes			
	TOTAL ACTIVO (A+B)	44.142	42.670	41.706

ORZAMENTOS XERAIS DA XUNTA DE GALICIA 2022

SOC. ANÓNIMA DE XESTIÓN DO PLAN XACOBEO

Plan Xeral de Contabilidade RD 1514/2007	BALANCE. PATRIMONIO NETO E PASIVO	(En miles de euros sen decimais)		
		REAL 2020	ESTIMADO 2021	ORZAMENTO 2022
A) PATRIMONIO NETO		32.159	31.286	30.440
A.1) Fondos propios		1.489	1.489	1.489
I. Capital		601	601	601
1. Capital escriturado		601	601	601
2. (Capital non esixido)				
II. Prima de emisión				
III. Reservas		898	888	888
1. Legal e estatutarias		120	120	120
2. Outras reservas		778	768	768
IV. (Accións e participacións no patrimonio propias)				
V. Resultados de exercicios anteriores				
1. Remanente				
2. (Resultados negativos de exercicios anteriores)				
VI. Outras aportacións de socios				
VII. Resultado do exercicio		-10		
VIII. (Dividendo a conta)				
IX. Outros instrumentos do patrimonio neto				
A.2) Axustes por cambios de valor				
I. Activos financeiros disponibles para a venda				
II. Operacións de cobertura				
III. Outros				
A.3) Subvencións, doacións e legados recibidos		30.669	29.797	28.950
B) PASIVO NON CORRENTE		11.101	10.810	10.528
I. Provisións a longo prazo		878	878	878
1. Obrigas por prestacións a longo prazo ó persoal				
2. Actuacións medioambientais				
3. Provisións por reestructuración				
4. Outras provisións		878	878	878
II. Débedas a longo prazo				
1. Obrigas e outros valores negociables				
2. Débedas con entidades de crédito				
3. Acredores por arrendamento financeiro				
4. Derivados				
5. Outros pasivos financeiros				
III. Débedas con empresas do grupo e asociadas a longo prazo				
IV. Pasivos por imposto diferido		10.223	9.932	9.650
V. Periodificacións a longo prazo				
C) PASIVO CORRENTE		882	573	739
I. Pasivos vinculados con activos non correntes mantidos para a venda				
II. Provisións a curto prazo				
III. Débedas a curto prazo		33	4	4
1. Obrigas e outros valores negociables				
2. Débedas con entidades de crédito				
3. Acredores por arrendamento financeiro				
4. Derivados				
5. Outros pasivos financeiros		33	4	4
IV. Débedas con empresas do grupo e asociadas a curto prazo				
V. Acredores comerciais e outras contas a pagar		849	570	735
1. Provedores				
2. Provedores, empresas do grupo e asociadas				
3. Acredores varios		570	517	679
4. Persoal (remuneracións pendentes de pago)				
5. Pasivos por imposto corrente				
6. Outras débedas coas Administracións Públicas		61	53	56
7. Anticipos clientes		218		
VI. Periodificacións a curto prazo				
TOTAL PATRIMONIO NETO E PASIVO (A+B+C)		44.142	42.670	41.706

ORZAMENTOS XERAIS DA XUNTA DE GALICIA 2022

ORZAMENTO DE EXPLOTACIÓN

SOC. ANÓNIMA DE XESTIÓN DO PLAN XACOBEO

Plan Xeral de Contabilidade RD 1514/2007	CONTA DE PERDAS E GANANCIAS.	(En miles de euros sen decimais)		
		REAL 2020	ESTIMADO 2021	ORZAMENTO 2022
	A) OPERACIONES CONTINUADAS			
	1. Importe neto da cifra de negocios	191	392	1.529
	a) Ventas			
	b) Prestacións de servizos	191	392	1.529
	2. Variación de existencias de pto. terminados e en curso de fabricac.			
	3. Traballos realizados pola empresa para o seu activo.			
	4. Aprovisionamentos			
	Consumo de mercaderías			
	Consumo de materias primas e outras materias consumibles			
	Traballos realizados por outras empresas			
	Deterioro de mercaderías, materias primas e outros aprovisionamentos			
	5. Outros ingresos de explotación	4.227	5.869	4.566
	Ingresos accesorios e outros de xestión corrente	27		
	Subvencións de explotación incorporadas ó resultado exercicio	4.200	5.869	4.566
	6. Gastos de persoal	-803	-881	-900
	Soldos, salarios e asimilados	-619	-682	-696
	Cargas sociais	-183	-199	-203
	Provisións			
	7. Outros gastos de explotación	-3.719	-5.380	-5.195
	Servizos exteriores	-3.622	-5.266	-5.087
	Tributos	-97	-115	-108
	Perdas, deterioros e variacións de provisións por operacións comerciais			
	Outros gastos de xestión corrente			
	8. Amortización do inmovilizado	-1.261	-1.163	-1.129
	Amortización do inmovilizado intanxible			
	Amortización do inmovilizado material	-1.207	-1.109	-1.075
	Amortización das inversións inmobiliarias	-54	-54	-54
	9. Imputación de subvencións do inmovilizado non financeiro e outras.	1.642	1.163	1.129
	10. Excesos de provisións			
	11. Deterioro e resultado por alleamentos de inmovilizado.	-381		
	a) Deterioros e perdas			
	Do inmovilizado intanxible			
	Do inmovilizado material			
	Das inversións inmobiliarias			
	b) Resultado por alleamentos e outras	-381		
	Do inmovilizado intanxible			
	Do inmovilizado material	-381		
	Das inversións inmobiliarias			
	12. Diferencia negativa de combinacións de negocio			
	13. Outros resultados	104		
	Gastos excepcionais	-10		
	Ingresos excepcionais	115		
	A.1) RESULTADO DE EXPLOTACIÓN (1+2+3+4+5+6+7+8+9+10+11+12+13)	2		
	14. Ingresos financeiros	5		
	a) De participación en instrumentos do patrimonio			
	b) De valores negociables e outros instrumentos financeiros	5		
	15. Gastos financeiros	-17		
	a) Por débedas con empresas do grupo			
	b) Por débedas con terceiros.	-17		
	c) Por actualización de provisións			
	16. Variación de valor razonable en instrumentos financeiros.			
	17. Diferencias de cambio			
	18. Deterioro e resultado por alleamento de instrumentos financeiros			
	19. Outros ingresos e gastos de carácter financeiro			
	A.2) RESULTADO FINANCIERO (14+15+16+17+18+19)	-11		
	A.3) RESULTADO ANTES DE IMPOSTOS (A.1+A.2)	-10		
	20. Imposto sobre beneficios			

ORZAMENTOS XERAIS DA XUNTA DE GALICIA 2022				
ORZAMENTO DE EXPLOTACIÓN				
SOC. ANÓNIMA DE XESTIÓN DO PLAN XACOBEO				
Plan Xeral de Contabilidade RD 1514/2007	CONTA DE PERDAS E GANANCIAS.	(En miles de euros sen decimais)		
		REAL 2020	ESTIMADO 2021	ORZAMENTO 2022
	A.4) RESULTADO DO EXERCICIO PROCEDENTE DE OPERACIÓNS CONTINUADAS (A.3+20)	-10		
	B) OPERACIÓNS INTERRUMPIDAS			
	21. Resultado do exercicio procedente de operacións interrompidas neto de impostos.			
	A.5) RESULTADO DO EXERCICIO (A.4+21)	-10		

ORZAMENTOS XERAIS DA XUNTA DE GALICIA 2022

Formulario SPA.04

SOC. ANÓNIMA DE XESTIÓN DO PLAN XACOBEO

ESTADO DE FLUXOS DE EFECTIVO	(En miles de euros sen decimais)		
	REAL 2020	ESTIMADO 2021	ORZAMENTO 2022
A) FLUXOS DE EFECTIVO DAS ACTIVIDADES DE EXPLOTACIÓN			
1. Resultado do exercicio antes de impostos.	-10		
2. Axustes no resultado	-271		
a. Amortización do inmovilizado (+)	1.261	1.163	1.129
b. Correccións valorativas por deterioro (+/-)	-114		
c. Variación de provisións (+/-)	-49		
d. Imputación de subvencións (-)	-1.642	-1.163	-1.129
e. Resultados por baixas e alleamentos de inmob (+/-)	381		
f. Resultados por baixas e alleamentos de insts finacs (+/-)			
g. Ingresos financeiros (-)	-5		
h. Gastos financeiros (+)	17		
i. Diferencias de cambio (+/-)			
j. Variación do valor razoable en insts fins(+/-)			
k. Outros ingresos e gastos (-/+)	-118		
3. Trocos no capital corrente	888	-405	-30
a. Existencias (+/-)			
b. Debedores e outras contas a cobrar (+/-)	798	-95	-195
c. Outros activos correntes (+/-)	-1	-1	-1
d. Acredores e outras contas a pagar (+/-)	91	-279	165
e. Outros pasivos correntes (+/-)		-29	
f. Outros activos e pasivos non correntes (+/-)			
4. Outros fluxos de efectivo das actividades de explotación.	-7	10	
a. Pagos de intereses (-)	-17		
b. Cobros de dividendos (+)	5		
c. Cobros de intereses (+)	4		
d. Cobros/pagos por imposto sobre beneficios (+/-)		10	
e. Outros pagos/cobros (-/+)			
5. Fluxos de efectivo en actividades de explotación (1+2+3+4)	601	-396	-30
B) FLUXOS DE EFECTIVO DAS ACTIVIDADES DE INVESTIMENTO			
6. Pagos por investimentos (-)	-1.620		
a. Empresas do grupo e asociadas (concretar empresa)			
b. Inmovilizado intanxible			
c. Inmovilizado material	-1.620		
d. Investimentos inmobiliarios			
e. Outros activos financeiros			
f. Activos non correntes mantidos para a venda			
g. Outros activos			
7. Cobros por desinversións (+)	2		
a. Empresas do grupo e asociadas (concretar empresa)			
b. Inmovilizado intanxible			
c. Inmovilizado material			
d. Investimentos inmobiliarios			
e. Outros activos financeiros	2		
f. Activos non correntes mantidos para a venda			
g. Outros activos			
8. Fluxos de efectivo das actividades de investimentos (7-6)	-1.618		
C) FLUXOS DE EFECTIVO DAS ACTIVIDADES DE FINANCIACIÓN			
9. Cobros e pagos por instrumentos de patrimonio	1.649		
a. Emisión de instrumentos de patrimonio (+) (desglosar suscritores)			
b. Amortización de instrumentos de patrimonio (-)			
c. Adquisición de instrumentos de patrimonio propio (-)			
d. Alleamento de instrumentos de patrimonio propio (+)			
e. Subvencións, doacións e legados recibidos (desglosar concedentes) (+)	1.649		
10. cobros y pagos por instrumentos de pasivo financeiro	-1		
a. Emisión			
1. Obrigas e outros valores negociables (+)			
2. Débedas con entidades de crédito (+)			
3. Débedas con empresas do grupo e asociadas (desglosar prestamista) (+)			
4. Outras débedas (desglosar prestamista) (+)			

ORZAMENTOS XERAIS DA XUNTA DE GALICIA 2022

Formulario SPA.04

SOC. ANÓNIMA DE XESTIÓN DO PLAN XACOBEO

ESTADO DE FLUXOS DE EFECTIVO	(En miles de euros sen decimais)		
	REAL 2020	ESTIMADO 2021	ORZAMENTO 2022
b. Devolución e amortización de:	-1		
1. Obrigas e outros valores negociables (-)			
2. Débedas con entidades de crédito (-)	-1		
3. Débedas con empresas do grupo e asociadas (desglosar prestamista) (-)			
4. Outras débedas (desglosar prestamista) (-)			
11. Pagos por dividendos e remuneracións de outros instrumentos de patrimonio	-24		
a. Dividendos (-)	-24		
b. Remuneracións de outros instrumentos de patrimonio (-)			
12. Fluxos de efectivo das actividades de financiación (9+10+11)	1.624		
D) EFECTOS DAS VARIACIÓNS DOS TIPOS DE CAMBIO			
E) AUMENTO/DISMINUCIÓN NETA DO EFECTIVO OU EQUIVALENTES (5+8+12-D)	607	-396	-30
EFECTIVO OU EQUIVALENTES A COMENZOS DE EXERCICIO	244	850	455
EFECTIVO OU EQUIVALENTES A FINAIS	850	455	425

